

Resolto o Premio Xurídico de Investigación en lingua galega Xosé Luís Franco

REDACCIÓN / LA VOZ

Dúas estudiantes da Universidade de Vigo, unha da da Coruña e un da de Santiago foron galardoados co III Premio Xurídico de Investigación en Lingua Galega Xosé Luís Franco. Os catro gañadores, que se deron a coñecer este xoves nun acto polo Día das Letras Galegas na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo —a impulsora dos premios—, presentaron traballos que xiran arredor da liberdade vixiada, a crise dos granulados, a okupación de vivendas e a intelixencia artificial.

Na modalidade para o alumnado da Universidade de Vigo, o xurado entregou o premio a Raquel Crespo, estudiante do Mestrado da Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo; e a Lucía Díaz, do grao en Dereito. Crespo alzouse co galardón co seu traballo *A medida de seguridade de liberdade vixiada pospenitenciaria: unha análise dende o garantismo*. Díaz partiu da vertedura en decembro de granulados na costa galega, para facer unha análise xurídica dos mecanismos legais que ten o Goberno central para reclamar responsabilidades.

Na modalidade para o alumnado de calquera outra universidade de España, premiouse a Diego Suárez, da Universidade da Coruña, e a Candela Fernández, da Universidade de Santiago. Suárez presentou un traballo sobre a okupación de inmobles na xurisdicción española, analizando a súa incardinación na xurisdicción penal e que tipos serían de aplicación, así como a súa posible reclamación a través da vía civil. Candela Fernández analiza os usos da intelixencia artificial no dereito e afonda no programa RisCanvi empregado nos centros penitenciarios de Cataluña para configurar un protocolo de valoración de risco.

O Premio Xurídico de Investigación en Lingua Galega Xosé Luís Franco busca fomentar o emprego da lingua galega nos traballos científicos no eido do dereito entre o alumnado de grao e mestrado. Nesta terceira edición, aumentouse a dotación económica dos galardóns, de 500 euros. Tamén se pretende homenaxear o xurista e escritor Xosé Luís Franco Grande.

O xurado destacou a alta calidade dos traballos recibidos, case unha vintena de investigacións de temáticas moi diversas e con relevancia actual.